

## ACTA Nº 1 DA COMISIÓN DE VALORACIÓN

### Reunión para a valoración da documentación da oferta presentada e proposta de adjudicación

RESOLUCIÓN do 23 de xaneiro de 2024 pola que se publica a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, da execución do programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, incluído dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento BS213E).

En Santiago de Compostela, o 04 de abril 2024 ás 10:00 horas, reúnense os membros da Comisión de Valoración establecida na cláusula Q) da resolución sinalada no encabezamento e formada polas persoas que se sinalan:

#### Presidenta

- Cristina Blanco Aragón, (subdirectora Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia)

#### Vogais

- Marta Queipo Díaz (xefa do Servizo de Protección de Menores da Consellería de Política Social e Xuventude)
- Alfonso Rafael Otero Romero, (psicólogo do Servizo de Protección de Menores)
- Ana Piñeiro Barreiro, (psicóloga do Servizo de Protección de Menores)
- Inés Estévez Nogueira, (traballadora social do Servizo de Protección de Menores)

#### Secretario

- José Javier Bernárdez González (xefe de sección de Contratación do Servizo de Protección de Menores)

**Primeiro.-** Con data 12 de febreiro de 2024 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución indicada no encabezamento.

**Segundo.-** O prazo de presentación de ofertas rematou o día 12 de marzo de 2024.

A este concurso social presentouse unha única entidade:

Entidade	Data e hora de presentación
ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA DE VIGO	12/03/2024 14:13

**Terceiro.-** A reunión ten por obxecto examinar, polos membros da Comisión, o informe elaborado polo persoal técnico da Consellería de Política Social e Xuventude e revisar a documentación



presentada pola entidade participante no concerto social indicado no encabezamento referenciado co código de procedemento BS213E.

**Cuarto.-** Unha vez examinada a documentación presentada polo persoal do Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, constátase que a entidade presentou a documentación requirida completa e correcta.

**Quinto.-** Na cláusula P) da resolución do concerto establécense uns criterios para a selección da entidade adxudicataria, coa finalidade de acadar unha valoración que sirva para establecer unha orde de prelación para concertar.

Consonte aos criterios de valoración reflectidos no texto da resolución, a Comisión de Valoración establece a seguinte puntuación para a entidade presentada ao concerto:

A. Calidade do Proxecto técnico	32
B. Instalacións nas que se levará a cabo o servizo	7,5
C. Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade	0
D. Experiencia do persoal asignado ao proxecto	3
E. Formación do persoal asignado ao proxecto	15
F. Por cada ano de servizo acreditado pola entidade no ámbito da protección á infancia e á adolescencia	10
<b>TOTAL</b>	<b>67,5</b>

**Sexto.-** De acordo coa dita valoración elévase a proposta de adxudicación á conselleira de Política Social e Xuventude, segundo o disposto no artigos 15 e 16 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme á seguinte clasificación:

**ENTIDADE PROPOSTA COMO ADXUDICATARIA**

**ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA DE VIGO**

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10:30 horas.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O secretario da Comisión de Valoración

Jose Javier Bernárdez González

A presidenta da Comisión de Valoración

Cristina Blanco Aragón

